

PROGRAMACIÓN



BANDA

ÍNDICE

1) Introducción

2) Metodoloxía

3) Atención á diversidade

4) Temas Transversais

4.1 Educación en Valores

4.2 TIC's

5) Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

6) Secuenciación

6.1 Obxectivos

6.2 Contidos

7) Avaliación

7.1 Criterios de avaliación

7.2 Mínimos esixibles

7.3 Procedementos de avaliación

7.4 Criterios de cualificación

7.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

7.6 Medidas de recuperación

8) Recursos Didácticos (Repertorio)

9) Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

10) Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

11) Probas de acceso

12) Criterios para a obtención dos premios fin de grao

13) Rúbricas de avaliación

1. INTRODUCCIÓN

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais ten necesariamente un marcado carácter individual. Por iso é polo que o currículo deba albergar materias que transcendan esta compoñente unipersoal da práctica musical e introduzan elementos colectivos. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas instrumentais en sentido estrito; a súa principal misión debe ser ofrecer á sociedade os músicos que esta necesita para poder canalizar aquelas actividades que demanda a comunidade. Neste sentido, a partir do S. XIX, a orquestra converteuse, polo seu extenso repertorio e polo seu vasto potencial comunicador, no vehículo de expresión musical por antonomasia. O elevado número de instrumentistas que a integra provoca, en consecuencia, que unha porcentaxe moi alta dos estudantes daqueles instrumentos susceptibles de entrar a formar parte da orquestra (corda, vento e percusión, fundamentalmente) teñan nesta o seu destino profesional máis frecuente e, a miúdo, único.

A práctica indistinta de Orquestra ou Banda, ou o Conxunto que corresponda, ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado. Deste xeito, búscase unha organización máis flexible do ensino ao mesmo tempo que se permite que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco oportuno para a práctica instrumental colectiva. Así pois, a participación nas agrupacións xa sexan instrumentais ou corais, supón e garante a presenza activa do alumnado nunha das actividades que implican maior proxección do centro na sociedade.

Ao mesmo tempo, constitúe unha materia necesaria para a formación musical e a súa lóxica consecuencia debe ser a inclusión no currículo das ensinanzas profesionais de música de dúas materias, Orquestra e Banda, e a súa presenza xustifícase nun dobre sentido. Por unha banda, porque ofrecerá aos instrumentistas a experiencia e os coñecementos necesarios relativos ao funcionamento, as regras e a convivencia característicos da interpretación destas agrupacións.

Por outra banda, porque vai actuar positivamente en todos aqueles instrumentos cuxo nivel os capacita especialmente para tocar en grupo. Evitará, en suma, que consideren a vida profesional destes músicos como unha opción de segunda fila, acrecentará a súa decantación cara ao inicio dunha

determinada opción profesional e facilitará o seu ingreso e a súa adaptación psicolóxica nun corpo social reducido, pero cunhas regras moi definidas e non sempre cómodas ou doadas de cumprir.

Do mesmo xeito que a música de cámara -unha materia que persegue obxectivos dunha natureza similar-, a orquestra, a banda ou o conxunto servirán para sacar ao alumnado dun repertorio case sempre caracterizado polas súas dificultades técnicas e pola desigualdade con respecto ao instrumento encargado de acompañalo (a miúdo o piano) e introduci-lo nun mundo novo, máis igualitario e de natureza máis rica e variada. Así, os xéneros musicais deixarán de ser soamente a sonata, o concerto ou as pezas de virtuosismo, co cal o alumno poderá afondar noutras como a sinfonía, o oratorio, o poema sinfónico ou ata a ópera. No caso de instrumentos cunha literatura escasa ou con partituras de moi desigual valía musical, estas agrupacións representan a posibilidade de entrar en igualdade de condicións nas composicións máis relevantes da historia da música occidental con respecto a instrumentos máis «hexemónicos» (violín, frauta ou trompa, por exemplo), con todo o que iso implica de enriquecemento na formación musical do alumnado.

A convivencia con instrumentos de natureza e técnicas moi diversas, proporcionará tamén ao alumnado unha visión moito máis ampla do feito musical e enriquecerá o seu coñecemento dos timbres (tanto individual como colectivamente considerados) e das diversas peculiaridades da organoloxía.

As dificultades técnicas ou o mero lucimento do solista darán paso a un repertorio que alberga moitas das mellores páxinas da música occidental e a un marco complexo de relacións instrumentais nas que o alumnado se sentirá protagonista destacado. O feito de que sexan varios os instrumentistas encargados de tocar unha soa voz ou parte non ten que diluír nin un pouco este liderado, que polo feito de ser colectivo non debe implicar unha diminución do perfil desempeñado por cada un dos integrantes da agrupación. Esta é unha suma de individualidades reunidas pola mente orientadora do director/a, que debe saber sacar o mellor delas, que en ningún caso deben aspirar a perderse no anonimato, nin a destacar por riba dos seus compañeiros/as. A unidade de criterios e a igualdade da execución deben ser polo tanto os principais obxectivos a acadar.

A orquestra, a banda e os conxuntos que se formen deben fomentar tamén as relacións humanas entre o alumnado, afeitos case sempre a unha práctica individualista e solitaria dos seus instrumentos. Deben incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea á propia execución unipersoal en aras a conseguir aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación: afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade nos ataques, claridade nas texturas, etc.

Con respecto a todas as indicacións do director/a fomentárase unha actitude de disciplina e provocará a necesidade de memorizar estas para que o traballo realizado ao longo dos ensaios dea os seus froitos no concerto. Neste, o alumno/a poderá experimentar unha sensación moi diferente, xa que serán conscientes de que na práctica de grupo a responsabilidade é compartida. Todo iso redunda, ao final de contas, na introdución desa compoñente de pluralidade que o alumnado debe sentir como un elemento básico da súa formación ao entrar nas ensinanzas profesionais.

Marco Normativo

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/2015. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece

o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establece na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan as instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais de música.
- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todo o alumnado e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.
- O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

A presente programación será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

2. METODOLOXÍA

A materia de Orquestra e Banda presenta a particularidade de ter na mesma aula a alumnado de varias especialidades instrumentais e de diferentes cursos do Grao Profesional, polo tanto con diferentes estados evolutivos e niveis instrumentais. Isto débese ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para cada agrupación, xa que evidentemente, o repertorio a preparar na clase é común a todo o alumnado de cada grupo.

A clase semanal cun grupo amplo de alumnos permite facer un seguimento colectivo do alumnado tanto no rendemento do conxunto como na progresión do seu estudo individual. Dito seguimento permitirá a adecuación e personalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do grupo e os seus integrantes.

A clase consta dunha hora e media semanal. Parte do tempo de clase dedicarase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual e nos ensaios da formación, tanto nos aspectos técnicos como nos musicais.

Tamén será importante a puntualidade, a necesidade de previsión da preparación dos instrumentos, a súa afinación e a propia adaptación da disposición da aula.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para a casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo e ensaio eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no alumnado. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante da materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada caso. Entre o alumnado de orquestra/banda hai alumnos-as cunha clara orientación cara á dedicación profesional á música e os que se van dedicar a outros estudos superiores. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación nun caso e a potenciar a súa implicación e responsabilidade no outro.

Os principios metodolóxicos xerais da materia son:

- **Principios de actividade e participación:** daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (auto-avaliación e co-avaliación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento.

- **Principios de motivación e autoestima:** no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión de carácter motivador, que leve aos alumnos/as a unha situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino–aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, evitaremos as que non o sexan mediante comentarios cos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.
- **Principios da aprendizaxe significativa:** segundo a concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (intradisciplinares), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
- **Principios de globalización:** o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estrutúrase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e o seu aprendizaxe).
- **Principios de personalización e atención á diversidade:** para o deseño desta programación didáctica tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación–clase. Nesta mesma liña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).
- **Principios de interacción:** fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno–alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, co-avaliación...), alumno–profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (titorías).

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A forma para o tratamento da diversidade é aplicando unha programación didáctica flexible, que se adapta ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

A falta de uniformidade no alumnado obriga ao profesorado a deseñar unha serie de estratexias con vistas a chegar a todos e cada un deles. Esta diversidade débese a factores de diversa natureza:

- **De coñecementos**, xa que non todos teñen a mesma formación inicial ou ben algúns están habituados a unha emprega máis cotiá da lectura ao pertencer, por exemplo, a agrupacións musicais coas que ensaia periodicamente. Para eles o profesorado poderá deseñar actividades de ampliación que lles permita practicar ou aumentar os seus coñecementos.
- **De aptitude**, o que afecta á facilidade ante a lectura musical; terase en conta o grao de aptitude do alumnado (detectado trala avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostran, sen que por iso se penalice ás persoas que presentan maiores aptitudes.
- **De actitude**, isto é, de interese, que ten que ser observado pola docencia día a día, a partir das prácticas feitas en cada sesión.

Dependendo das circunstancias que xurdan na aula, o profesorado pode propoñer as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral do alumnado. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinal que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar

aos alumnos e alumnas para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos seguintes obxectivos:

- Educación para a paz.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
- Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
- O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde (postural, auditiva).
- Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación ambiental

Ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursiños...

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos-as e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia). Tratar temas relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música doutras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo

non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos CD, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)

As TIC desenvólvense a partir de avances científicos producidos nos campos da computación e telecomunicacións. As TIC son o conxunto de tecnoloxías que permiten o acceso, a produción, tratamento e comunicación da información presentada en diferentes códigos (texto, imaxe, son, ...).

O elemento máis representativo das novas tecnoloxías é sen dúbida o ordenador, e moito máis concretamente, **Internet**. Como indican diferentes autores, Internet representa un salto cualitativo de grande magnitude, cambiando e redefinindo as formas de coñecer e relacionarse coas persoas.

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que en principio poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais: Medios didácticos que con imaxes e gravacións servirannos para comunicar mensaxes específicos.
- Medios en internet: YouTube, concertos accesibles na rede, etc.
- Programas informáticos: Edición de partituras, secuenciadores, programas de gravación, etc.
- Medios para a comunicación: Promover, si se da o caso, actuacións que se podan seguir por todo o alumnado.
- O Portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, e compartir material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (cámara de vídeo, gravadoras, tabletas, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno-a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou Google Drive permiten compartir espazos de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Estas TIC's faise necesario regularlas, e seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- 1) Non se permite o uso de teléfono móbil, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable dentro das aulas, excepto nos casos en que o profesor-a o autorice e sexa con fins didácticos.
- 2) Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recolla ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento), agás **CENTROSNET**, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- 3) Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recolla nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- 4) Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recolla ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou

referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno-a, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

- 5) No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á dirección do Centro

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto o noso alumnado coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse co proceso xeral de aprendizaxe. Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

O alumnado participará nos concertos das agrupacións e a participación nestes concertos é obrigatoria. Poderanse organizar desde o departamento un ou varios cursos/clase maxistral ao longo do curso. A asistencia aos ditos cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

Clasificación das actividades:

Organizadas polo departamento:

- Audicións da agrupación seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos-as sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos-as e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos-as nas súas actuacións. O departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturais.

Organizadas polo centro:

- Participar en actividades organizadas polo conservatorio, sendo esta unha maneira de dar a coñecer o traballo feito nos ensaios ao tempo que se intentará facer gozar ao auditorio.

Organizadas por entidades culturais do concello:

- Sempre que sexa posible, participar en actos socioculturais promovidos por entidades culturais ou o propio Concello. Será este un xeito de mostrar o traballo levado a cabo dentro do centro, ao tempo que serve de experiencia ao alumnado o traballo en distintos escenarios.

6. SECUENCIACIÓN

Tanto os obxectivos coma os contidos e os criterios de avaliación e de cualificación que se enumeran a continuación son comúns a todos os cursos (de 1º GP ata 6º GP) nos que se imparte esta materia, o que si cambia, obviamente, é o grao de logro esixido para cada un deles en función do curso ao que se apliquen.

6.1.OBXECTIVOS

As ensinanzas de orquestra e banda dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director/a e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- Dominar o propio instrumento segundo os requisitos de cada obra. Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son realícese en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación segundo o seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director/a.

- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo: Afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento das mesmas.
- Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

6.2. CONTIDOS

- Importancia da afinación previa.
- A anacruse como movemento básico da práctica do grupo.
- Reacción e comprensión ante as diferentes anacruses do director/a.
- Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
- Desenvolvemento da igualdade en ataques (instrumentos de vento e percusión).
- Desenvolvemento da igualdade nos golpes de arco.
- Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
- Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director/a, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
- Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.
- Traballo por seccións.
- Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación. Valoración do silencio como marco da interpretación.

7. AVALIACIÓN

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesorado en función da súa adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso: **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística; **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e **accesible**, dado que alumnado e familias terán toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza–aprendizaxe.

O profesor/a avaliará aos seus alumnos/as tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor/a valorará de forma constante o progreso do alumnado ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Avaliación Inicial

Nas primeiras semanas do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial para recoller datos sobre o alumnado (características, nivel técnico, coñecementos previos, e datos persoais necesarios). O profesorado presentará unha proposta de repertorio para o curso.

7.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostrar coñecemento e dominio suficiente da técnica do instrumento propio no repertorio traballado dentro da materia
- Interpretar por seccións calquera das obras programadas durante o curso. Este criterio utilízase para avaliar a capacidade para adaptar o propio son ao da familia correspondente e a precisión de ataques e entradas de acordo coa anacruse do director/a.
- Reproducir calquera das obras programadas durante o curso, reducindo a corda ao número mínimo posible do alumnado por cada sección da mesma. Este criterio ten como obxectivo avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas semellantes, e o grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando os unísonos.
- Repentizar unha obra de pequena dificultade. Este criterio pretende comprobar a integración rítmica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director/a, a precisión para reaccionar ás súas indicacións, o dominio do seu instrumento e o grao de afinación na lectura a vista.

- Estudiar na casa as obras correspondentes do repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.
- Realizar concertos públicos das obras ensaiadas. Este criterio constata a actitude, necesariamente disciplinada do instrumentista na orquestra, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos do conxunto e a súa adecuación ao carácter e estilo que marca o director/a.
- Revisar periodicamente as particellas. Con este criterio pretendese avaliar a correcta preparación destas para a súa interpretación.

7.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os requisitos mínimos para superar a materia serán:

- Obriga de asistencia aos ensaios (con 30% ou máis de faltas, o alumnado perderá o dereito á avaliación continua) e concertos (obligatorio).
- Actitude e participación na clase.
- Coñecementos e destreza demostrados no desenvolvemento da materia (estudar as partes).
- Puntualidade, comportamento e respecto.
- Superación dos obxectivos programados para o curso.

Sendo unha clase colectiva que ten como finalidade a interpretación de obras orquestrais, a asistencia aos ensaios son fundamentais para o éxito do grupo. Polo tanto, as faltas inxustificadas influirán negativamente na nota. Tamén é obrigatorio a asistencia aos concertos xa que se consideran un exame da materia. Tamén é obrigatorio que o alumnado acuda co seu material en bo estado e que o seu comportamento sexa respectuoso, tanto nos ensaios como no escenario, que quedará reflectido na puntuación final.

7.3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliación continua coa observación diaria das clases, tanto nas capacidades expresadas nos obxectivos e contidos, como en actitudes de comportamento, atención, respecto polo traballo do grupo, interese, etc.

- Realización de probas concretas tanto a nivel individual, coma de grupo para observar a integración dentro do mesmo na execución musical.
- Valoración na preparación e conservación do material a utilizar dentro da orquestra.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: primeiro trimestre **30%**, segundo trimestre **30%** e terceiro trimestre **40%**.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

7.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Puntualidade e asistencia 40%

2. Coidado e organización do material 5%

3. Comportamento e actitude en xeral 15%

4. Rendemento instrumental 40%

- Capacidade de adaptación dentro da sección e dentro da agrupación. Amosar capacidade de escoita para adaptarse e integrarse na afinación, sonoridade, ritmo e articulación dentro de cada sección e amosar capacidade de escoita das outras partes para unificar sonoridades, afinación harmónica, e unificación de ataques e articulacións.
- Dominio técnico necesario do propio instrumento para interpretar as obras propostas da agrupación.
- Estudo semanal do repertorio programado.
- Lectura a primeira vista.
- Amosar control e seguridade durante a interpretación.
- Reacción e seguimento ás indicacións do director/a.
- Precisión rítmica, sonora e estilística durante a interpretación e capacidade de reacción ás posibles correccións.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

7.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Con carácter excepcional, e de acordo co disposto na lexislación vixente, poderase solicitar a ampliación de matrícula ao seguinte curso académico. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame para cada unha das materias do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acadara unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto.

Nesta materia de **ORQUESTA E BANDA** farase unha proba que consistirá en tres partes:

- **Unha proba de coñecementos teóricos** das obras que se están a traballar na agrupación durante o curso no que está matriculado.
- **Unha proba de interpretación individual** sobre fragmentos das obras que se están a traballar na agrupación durante o curso no que está matriculado.
- **Unha proba de interpretación dentro da agrupación** correspondente, das obras que se están a traballar durante o curso no que está matriculado.

-Criterios de cualificación para a ampliación de matrícula:

1. **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral na que se demostre o coñecemento das obras propostas, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.

2. Proba de interpretación individual: Reproducir a parte correspondente das obras/movimentos/fragmentos propostos. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento axeitado ao seu nivel de curso. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.

3. Proba de interpretación dentro da agrupación: Interpretar as obras, movementos ou fragmentos das obras propostas utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a e dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que esteas a cursar.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

7.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- **Procedementos de recuperación ordinarios**

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivese cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos/as que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou

mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o alumnado supere cada un dos mínimos esixidos tanto na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes como para o curso que figure como pendente, pódese considerar superados (as avaliacións ou o curso).

- **Procedementos de avaliación nos casos en que non sexa posible a avaliación continua.**

O alumnado que non puidese ser avaliado de maneira continua, poderán realizar unha proba ao final de cada avaliación, onde se presentará o repertorio traballado durante o trimestre. No caso de que o alumno/a non a supere, terá dereito a presentarse ao exame a final de curso, onde se presentará o repertorio traballado durante o curso.

Se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno/a será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor/a o que determine se un alumno/a **non** pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser **superior ao 50%** das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral na que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada.

- 2) **Proba de Interpretación individual** :Execución da parte correspondente á súa voz, das obras, movementos ou fragmentos programados para o curso. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso.
- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación**: Interpretar en conxunto coa agrupación correspondente as obras programadas durante o curso e seguindo as indicacións do director/a.

Os criterios de cualificación da devandita proba serán:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos**: Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán o coñecemento da obra, do compositor e do período artístico no que foi composta e a contribución ao aspecto artístico musical da interpretación.
- 2) **Proba de interpretación individual**: Esta parte puntuarase cun **30%** sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: Fluidez na lectura a primeira vista, técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; corrección rítmica, articulación e fraseo e criterio estético e estilístico.
- 3) **Proba de interpretación dentro da agrupación**: Esta parte puntuarase cun **50%** sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; reacción as indicacións dos membros do grupo e das indicacións do director/a.

Nota: A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

❖ **Proba extraordinaria de avaliación (en xuño)**

O alumnado que non teña aprobada a materia durante as avaliacións do curso (avaliación ordinaria de xuño) poderá presentarse á proba extraordinaria de xuño para a recuperación da mesma. Nela deberá demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.
- 2) **Proba de lectura a primeira vista:** de obras ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.
- 3) **Proba de Interpretación:** O alumnado interpretará da particella correspondente á súa especialidade instrumental, os fragmentos que lle foron indicados polo profesor/a da materia de orquestra/banda. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo. O valor desta proba será dun **50%** sobre a nota final.

Nota: A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

- Cadeiras e atrís
- Metrónomo
- Afinador
- Repertorio orquestral/banda

- Repertorio ou obras indicativas para Orquestra e Banda

Tanto para Orquestra como para Banda o profesorado buscará as obras que mellor se adapten ás agrupacións de instrumentos existentes.

Abba Gold – Abba, Arr: Ron Sebregts

Danza Húngara n.5 – Johannes Brahms

Bolero de Ravel – M. Ravel

The Beatles in Concert – The Beatles

Michael Jackson Mix – Johnnie Vinson

Mision Imposible – Lalo Schifrin

El Fantasma de la Opera – Andrew Lloyd Webber

Autumn Leaves – Joseph Kosma

Pirates of the Caribbean – Klaus Badelt

Smoke on the Water – Ritchie Blackmore, Ian Gillan, Roger Glover, Jon Lord, Ian Paice

Crocodile Rock – Elton John, Bernie Taupin

Final Countdown – Joey Tempest

Bohemian Rhapsody – Freddie Mercury

Superstition – Stevie Wonder

The Addams Family Theme – Vic Mizzy

Jump, Jive An' Wail – Louis Prima

Mi Tierra – Gloria Estefan

Hey Jude – John Lennon and Paul McCartney

The Lord of the Dance – Ronan Hardiman

Thriller – Rod Temperton

Great Movie Adventures – John Williams

Adeste Fideles – John F. Wade

Born To Be Wild – Mars Bonfire

The Pink Panther – Henri Mancini

Baby Elephant Walk – Henri Mancini

Nocturnos – Mozart

Dos Danzas para agrupación de viento – Ludwig van Beethoven

Mandolin serenade – Chaplin

Il ballerino – Gastoldi

Pavane – Fauré

Muiñeira Pendellos – Juan Lois Diéguez



9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma continua o grao de cumprimento da programación, así como os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos/as e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos/as e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Ademais, para un bo desenvolvemento das titorías e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno/a e grupo.

Polo tanto, o seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso

10. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos/as: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, realización de ensaios, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnado, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter o óptimo desenvolvementomusical, artístico e instrumental dos alumnos/as e os grupos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario axeitado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón dunha forma teórica.

11. PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de grao profesional

Esta proba de acceso constará de dúas partes:

- a) **Proba de lectura a primeira vista** de pezas ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso. O alumno disporá de 5 minutos para ler e analizar os fragmentos orquestrais. Durante este período de lectura, o alumno/a poderá dixitar (mover os dedos) pero non tocar. Posteriormente executará ditos fragmentos.
- b) **Proba de interpretación das obras** publicadas no apartado “probos de acceso a outros cursos” da programación da correspondente especialidade instrumental e curso ao que aspira, e interpretará os fragmentos que lle indique o tribunal examinador.

Contidos

Os contidos serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de cualificación

1) Proba de lectura a primeira vista: Lectura correcta e fluída das notas da partitura. Afinación estable e equilibrada durante a lectura. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

2) Proba de Interpretación: Interpretación correcta das notas, afinación, ritmo e tempo. Control da sonoridade e das indicacións de dinámica e agóxica tanto a nivel individual coma dentro da agrupación.

Interpretación acorde co estilo propio da época e características axeitadas (articulación, fraseo, vibrato, etc..). O valor desta proba será do **70%** sobre a nota final

Nota: A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

12. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para ese fin.

13. RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

- Rúbrica de avaliación continua (ordinaria)

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Puntualidade e asistencia 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Coidado e organización do material 5%	0	0,1	0,2	0,25	0,3	0,35	0,4	0,45	0,5
Comportamento e actitude en xeral 15%	0	0,3	0,6	0,75	0,9	1,05	1,20	1,35	1,5
Rendemento instrumental 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
NOTA									

- Rúbrica para avaliación puntual (no caso que a avaliación continua non sexa posible)

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Coñecementos teóricos 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Interpretación individual 30%	0	0,8	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación dentro da agrupación 50%	0	1	2	2,5	3	3,5	4	4,5	5
NOTA									

- Rúbrica de avaliación para a ampliación de matrícula.

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Coñecementos teóricos 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Interpretación individual 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Interpretación dentro da agrupación 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
NOTA									

- Rúbrica de avaliación extraordinaria.

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Coñecementos teóricos 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
1ª vista 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación 50%	0	1	2	2,5	3	3,5	4	4,5	5
NOTA									

- Rúbrica de avaliación para probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional.

Criterios	Puntuación								
	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Lectura a 1ª vista 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación 70%	0	1,4	2,8	3,5	4,2	4,9	5,6	6,3	7
NOTA									

